

PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A SELECCIÓN FUNCIONARIO/A DE CARREIRA DE 3 PRAZAS DE ADMINISTRATIVOS C1, PERTENCENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE RIANXO PARA O ANO 2025.

1. De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, o incumprimento polos traballadores das obrigacións en materia de prevención de riscos terá a consideración de:

- a) Infracción administrativa ou penal.
- b) Incumprimento contractual e dará lugar a responsabilidades civís polos danos e prexuízos que poidan derivarse do devandito incumprimento.
- c) Incumprimento laboral ou de falta.
- d) Incumprimento contractual, pero non dará lugar a responsabilidades civís polos danos e prexuízos que poidan derivarse do devandito incumprimento.

Resposta correcta: c

2. De conformidade co establecido no art 139 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellaría con competencias en materia de igualdade, fomentará, entre outras, as seguintes medidas (sinala a incorrecta):

- a) A colaboración e coordinación coa Administración local para deseñar e implantar programas e medidas de conciliación e promoción da igualdade entre mulleres e homes.
- b) A supervisión das entidades locais en materia de sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero.
- c) A consolidación das mesas de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero.
- d) A oferta no ámbito local de servizos de atención e acompañamento ás mulleres en situación de vulnerabilidade.

Resposta correcta: b

3. Segundo o artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o silencio administrativo terá carácter desestimatorio (sinala a incorrecta):

- a) No exercicio do dereito de petición referido ao artigo 29 da Constitución.
- b) Nos procedementos de responsabilidade patrimonial
- c) Cando se limiten dereitos ou intereses lexítimos.
- d) Nos procedementos de natureza sancionadora

Resposta correcta: d

4. Segundo o disposto no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, respecto á falta de resolución expresa en procedementos iniciados de oficio, nos procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame produciranse os seguintes efectos:

- a) Os interesados que comparecesen poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.
- b) Producirase a prescrición
- c) Producirase a caducidade
- d) Acordarase o seu arquivo

Resposta correcta: c

5. Segundo o disposto no artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen:

- a) Dez días hábiles desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido
- b) Dez días naturais desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido
- c) Quince días hábiles desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido
- d) Quince días naturais desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido

Resposta correcta: b

6. Segundo o establecido no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando os interesados nun procedemento administrativo sexan descoñecidos, ignórese o lugar da notificación ou ben, intentada esta non se tivese podido practicar, a notificación farase por medio de:

- a) Un anuncio no Boletín oficial del Estado
- b) Un anuncio o Diario Oficial de Galicia
- c) Un anuncio no Boletín Oficial da Provincia
- d) Un anuncio no taboleiro de anuncios da correspondente sede electrónica

Resposta correcta: a

7. Os actos administrativos que incorran en desviación de poder, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

- a) Son nulos de pleno dereito
- b) Son anulables
- c) Son válidos, afectados por unha irregularidade invalidante
- d) Incorren nun defecto de forma

Resposta correcta: b

8. De conformidade co establecido a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cal dos seguintes recursos ten un prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso dun mes?

- a) Recurso de alzada.
- b) Recurso extraordinario de revisión.
- c) Recurso de reposición.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

Resposta correcta: c

9. De conformidade co establecido no artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en ningún caso se efectuarán por medios electrónicos as seguintes notificacións (sinala a correcta):

- a) As que conteñan medios de pago a favor dos obrigados, tales como cheques.
- b) Aquelas nas que o acto para notificar vaia acompañado de elementos que sexan susceptibles de conversión en formato papel.
- c) As que conteñan notificacións tributarias
- d) As que conteña cartas de pago

Resposta correcta: a

10. Conforme ao disposto no artigo 121.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se o recurso se interpuxese ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días:

- a) Co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.
- b) Co seu informe e co expediente orixinal completo e ordenado.
- c) Co seu informe, proposta e cunha copia completa e ordenada do expediente.
- d) Co seu informe, proposta, notificación da proposta ao interesado e cunha copia completa e ordenada do expediente.

Resposta correcta: a

11. De conformidade cos disposto no artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o incumprimento no despacho de expedientes do deber de gardar a orde rigorosa de incoación en asuntos de homoxénea natureza:

- a) Dará lugar á esixencia de responsabilidade disciplinaria do titular da unidade administrativa tramitadora.
- b) Será, en todo caso, causa de remoción do posto de traballo.
- c) Dará lugar á esixencia de responsabilidade disciplinaria do infractor e, no seu caso, será causa de remoción do posto de traballo.
- d) Dará lugar á esixencia de responsabilidade patrimonial do infractor

Resposta correcta: c

12. Se a solicitude de iniciación dun procedemento non reúne os requisitos sinalados no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

- a) Requiriráselle con indicación de que, se non emenda a falta ou acompaña os documentos preceptivos, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución.

- b) Requirirase ao interesado para que, nun prazo de vinte días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos.
- c) Requirirase ao interesado para que, nun prazo de quince días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos.
- d) Requiriráselle con indicación de que, se non emenda a falta ou acompaña os documentos preceptivos, archivaranse as actuacións, sen máis trámite

Resposta correcta: a

13. Segundo o disposto no artigo 98 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, un acto dunha administración pública, susceptible de recurso de reposición:

- a) Será inmediatamente executivo con independencia da posible interposición do recurso no seu caso.
- b) En ningún caso será inmediatamente executivo.
- c) Será inmediatamente executivo salvo que se trate dunha resolución dun procedemento de natureza sancionadora.
- d) Será inmediatamente executivo salvo que se trate dunha resolución dun procedemento de responsabilidade patrimonial

Resposta correcta: c

14. De conformidade co establecido nos artigos 97 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cal dos seguintes medios de execución forzosa dun acto administrativo non se pode utilizar cando un acto é personalísimo?

- a) Multa coercitiva.
- b) Execución subsidiaria.
- c) Compulsión sobre as persoas.
- d) Apremio sobre o patrimonio

Resposta correcta: b

15. Segundo o disposto no artigo 96 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nun procedemento no que se declarou a tramitación simplificada, no que é preceptivo Ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente, se este ditame é contrario ao fondo de proposta de resolución da administración que o solicita:

- a) Con independencia de que se atenda ao criterio do ditame, o órgano competente para resolver acordará continuar o procedemento conforme á tramitación ordinaria, o que se notificará aos interesados.
- b) No caso de que se atenda ao criterio do ditame, o órgano competente para resolver continuará o expediente conforme á tramitación simplificada, sen necesidade de notificación aos interesados.
- c) No caso de que non se atenda ao criterio do ditame, o órgano competente para resolver acordará continuar o procedemento conforme á tramitación simplificada, o que se notificará aos interesados.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

Resposta correcta: a

16. Cando o artigo 26 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público regula o principio de irretroactividade, dentro dos principios da potestade sancionadora, establece que as disposicións sancionadoras:

- a) Producirán efecto retroactivo en canto favorezan o presunto infractor ou ao infractor, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescrición.
- b) Producirán efecto retroactivo, salvo respecto das sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición.
- c) Non producirán efecto retroactivo, xa que sempre serán de aplicación as disposicións sancionadoras vixentes no momento de producirse os feitos que constitúan infracción administrativa.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

Resposta correcta: a

17. Indique a resposta correcta segundo o disposto no artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

- a) O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día no que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorre o prazo para recorrerla.
- b) No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola que se impón a sanción, o prazo de prescrición da sanción comezará a contarse desde o día en que finalice o prazo legalmente previsto para a resolución do devandito recurso

- c) As infraccións e sancións prescribirán segundo o disposto nas leis que as establezan. Se estas non fixan prazos de prescrición, as infraccións moi graves prescribirán aos tres anos.
 - d) Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa imputable ao infractor.
- Resposta correcta: c

18. Segundo o art. 63.1 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os procedementos sancionadores iniciaranse:

- a) Sempre de oficio por acordo do órgano competente.
 - b) De oficio por acordo do órgano competente ou por instancia de parte.
 - c) Por instancia de parte ou por denuncia de persoa interesada.
 - d) Sempre por instancia de parte
- Resposta correcta: a

19. Segundo o artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, os particulares terán dereito a ser indemnizados polas Administracións Públicas correspondentes de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos salvo:

- a) Nos casos de danos que o particular non teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei.
 - b) Nos casos de funcionamento anormal dos servizos públicos.
 - c) Nos casos de forza maior
 - d) Nos casos de funcionamento normal dos servizos públicos.
- Resposta correcta: c

20. Conforme o artigo 91 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando se entende desestimada por silencio unha reclamación de responsabilidade patrimonial?

- a) Transcorridos tres meses desde que se iniciou o procedemento sen que recaese e se notifique resolución expresa ou, no seu caso, se formalizase o acordo.
 - b) Transcorridos seis meses desde que se iniciou o procedemento sen que recaese e se notifique resolución expresa ou, no seu caso, se formalizase o acordo.
 - c) Transcorridos nove meses desde que se iniciou o procedemento sen que recaese e se notifique resolución expresa ou, no seu caso, se formalizase o acordo.
 - d) Transcorrido un ano desde que se iniciou o procedemento sen que recaese e se notifique resolución expresa ou, no seu caso, se formalizase o acordo.
- Resposta correcta: b

21. De conformidade co establecido no artigo 2 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, os bens das Entidades locais clasificaranse en (sinala a correcta):

- a) Bens de dominio público, bens patrimoniais e bens comunais
 - b) Bens de dominio público e bens patrimoniais
 - c) Bens de uso ou servizo público
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta
- Resposta correcta: b

22. O artigo 77 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, establece que se suxeitará a licenza:

- a) O uso común especial normal dos bens de dominio público.
 - b) O uso privativo de bens de dominio público.
 - c) O uso común xeral dos bens de dominio público.
 - d) O uso privativo dos bens comunais
- Resposta correcta: a

23. O artigo 5 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, establece que os bens comunais e demais bens de dominio público son (sinala a incorrecta):

- a) Inalienables
- b) Inembargables
- c) Prescritibles
- d) Non están suxeitos a tributo algún.

Resposta correcta: C

24. Segundo o establecido no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, o coñecemento dos recursos que se deduzan en relación ás disposicións xerais emanadas das Entidades locais, é unha competencia de:

- a) Os Xulgados do Contencioso-administrativo.
- b) Os Xulgados Centrais do Contencioso-administrativo
- c) As Salas do Contencioso-administrativo dos Tribunais Superiores de Xustiza.
- d) As Salas do Contencioso-administrativo da Audiencia Nacional.

Resposta correcta: c

25. Segundo o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa (sinala a resposta incorrecta):

- a) O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da disposición impugnada
- b) O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados desde o día seguinte ao da publicación da disposición impugnada
- c) O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fóra expreso.
- d) Se o acto non fóra expreso, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, prodúzase o acto presunto.

Resposta correcta: b

26. Conforme ao disposto no artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala a resposta correcta:

- a) A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas non implicará a anulabilidade do acto en ningún caso
- b) O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto non careza dos requisitos indispensables para alcanzar o seu fin
- c) Son anulables os actos da administración que incorran en desviación de poder
- d) Son anulables os actos das administracións que teñan un contido imposible

Resposta correcta: c

27. De conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, son causas de inadmisión dun recurso administrativo:

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese á mesma Administración Pública
- b) Carecer de ilexitimación o recorrente
- c) Carecer o recurso manifestamente de fundamento
- d) O erro da cualificación do recurso por parte do recorrente

Resposta correcta: c

28. Cal é o prazo mínimo de información pública establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para as ordenanzas locais?

- a) 20 días
- b) 1 mes
- c) 30 días
- d) 15 días.

Resposta correcta: c

29. Que maioría plenaria é necesaria para a aprobación dun regulamento orgánico?

- a) Dous terzos do número legal de membros da Corporación
- b) Maioría simple dos presentes
- c) Unanimidade
- d) Absoluta do número legal de membros da Corporación

Resposta correcta: d

30. Nos municipios de gran poboación cal é o órgano competente para aprobar os proxectos de ordenanzas?

- a) Xunta de Goberno Local
- b) O Pleno

- c) Alcalde
 - d) Xunta de Portavoces
- Resposta correcta: a

31. As mancomunidades de municipios teñen potestade regulamentaria?

- a) Si
 - b) Non
 - c) Depende de se lla atribúe a Comunidade Autónoma
 - d) Si, sempre que sexa precisa para o cumprimento da súa finalidade
- Resposta correcta: d

32. As propostas de acordo derivadas da iniciativa popular recollida no artigo 70.bis da Lei 7/1985, de de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local deberán ser votadas no Pleno?

- a) En ningún caso
 - b) Só naqueles supostos nos que o determine o Secretario da Corporación.
 - c) Si
 - d) Se así o solicita a propia iniciativa popular
- Resposta correcta: c

33. Cal é o período mínimo a observar para que un municipio resultante dunha fusión de municipios poida segregarse?

- a) 10 anos desde a adopción do convenio da fusión
 - b) 5 anos desde a iniciativa de fusión
 - c) 50 anos desde o acordo de fusión
 - d) Non hai prazo mínimo.
- Resposta correcta: a

34. Cal dos seguintes non é un dato obrigatorio do Padrón municipal?

- a) Sexo
 - b) Nacionalidade
 - c) Correo electrónico
 - d) Nome e apelidos.
- Resposta correcta: c

35. É necesaria autorización da Xunta de Galicia para someter un asunto a consulta popular?

- a) Non
 - b) Si, en todo caso
 - c) Si, previo acordo plenario adoptado por maioría absoluta
 - d) Si, si así o dispón o informe de Secretaría
- Resposta correcta: a

36. É obrigatoria a existencia da Comisión Especial de Contas?

- a) Só nos concellos de máis de 5 mil habitantes
 - b) Si
 - c) Só nos concellos de gran poboación
 - d) Só nos concellos de máis de 20 mil habitantes
- Resposta correcta: b

37. Cal dos seguintes é un servizo mínimo de prestación obrigatoria por un municipio de 10.001 habitantes?

- a) Protección Civil
 - b) Medio Ambiente Urbano
 - c) Biblioteca Pública
 - d) Instalacións deportivas de uso público.
- Resposta correcta: c

38. Que carácter teñen os informes a solicitar para o exercicio polas Entidades Locais de competencias distintas das propias e delegadas?

- a) Necesarios pero non vinculantes
- b) Necesarios e vinculantes
- c) Potestativos pero vinculantes
- d) Potestativos e non vinculantes

Resposta correcta: b

39. Que tipo de competencia teñen os municipios en materia de comunidades cidadás de enerxía?

- a) Delegada
- b) Impropia
- c) Propia
- d) Duplicada

Resposta correcta: c

40. Un dos asuntos sobre os que o Alcalde pode expor unha cuestión de confianza é?

- a) Nomeamento fillo adoptivo
- b) Regulamento orgánico
- c) Irmandamentos
- d) Estudo de detalle

Resposta correcta: b

41. A sesión pública constitutiva da corporación municipal ten lugar...

- a) O vixésimo día posterior á celebración das eleccións salvo que se presentase recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos Concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen o cuadrexésimo día posterior ás eleccións
- b) Ao mes de celebrarse as eleccións.
- c) En todo caso aos 20 días desde a celebración das eleccións.
- d) O mesmo día das eleccións

Resposta correcta: a

42. Nun municipio con 12 mil habitantes, o pleno ordinario debe celebrarse como mínimo...

- a) Cada mes
- b) Cada ano
- c) Cada 2 meses.
- d) Cada 15 días

Resposta correcta: c

43. É viable introducir un asunto por urxencia nun Pleno extraordinario?

- a) Si, sempre que así o decida a maioría absoluta do número legal de membros que conforman a Corporación
- b) Si, en todo caso.
- c) Non
- d) Só se así o decide o Alcalde.

Resposta correcta: c

44. Entre as mencións que debe constar na acta dun órgano colexiado levantada polo Secretario non se atopa...

- a) O carácter da sesión.
- b) As intervencións do público unha vez finalizada a sesión.
- c) A hora de finalización da sesión.
- d) Os asistentes

Resposta correcta: b

45. Poderán impugnar no ámbito contencioso-administrativo os actos e acordos das entidades locais que incorran en infracción do ordenamento xurídico, entre outros...

- a) Os membros das corporacións que votasen a favor de tales actos ou acordos.
- b) Os membros das corporacións que votasen abstención ou en contra de tales actos ou acordos.
- c) Os membros das corporacións que votasen en contra de tales actos ou acordos.
- d) Ningunha das anteriores.

Resposta correcta: c

46. Cal dos seguintes tipos básicos de núcleo rural recolle a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia?

- a) Consolidado
- b) Solarificado
- c) Especial
- d) Tradicional

Resposta correcta: d

47. Considérase tradicional para os efectos do contemplado no artigo 40 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, unha edificación existente en 1978?

- a) Non
- b) Si
- c) Si, no caso de ser anterior a marzo.
- d) Si, no caso de ser anterior a xaneiro.

Resposta correcta: a

48. Constitúe un dos deberes dos propietarios en solo urbano consolidado...

- a) Edificar os solares no prazo establecido.
- b) Non teñen deberes ao ser xa solares.
- c) Ceder onerosamente terreo para viais.
- d) Ningunha é correcta

Resposta correcta: a

49. As demolicións, segundo a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia están suxeitas a licenza urbanística?

- a) Si, en todo caso.
- b) No, en ningún suposto.
- c) Si, salvo as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- d) Depende do tamaño da demolición.

Resposta correcta: c

50. Se non se establece no acto de outorgamento da licenza de edificación, o prazo de caducidade por causa de demora na iniciación das obras non poderá exceder de....

- a) 3 anos.
- b) 6 meses.
- c) 1 ano.
- d) Medio mes.

Resposta correcta: b

51. A imposición de multas coercitivas derivadas dunha orde de execución non poderá superar, individual ou no seu conxunto a seguinte porcentaxe respecto á do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo

- a) 50%
- b) 80%
- c) 75%
- d) 25%

Resposta correcta: c

52. Cal é o prazo para resolver os expedientes de reposición da legalidade?

- a) 1 ano a contar desde a data do acordo de iniciación.
- b) 3 meses a contar desde a data do acordo de iniciación.
- c) 6 meses a contar desde a data do acordo de iniciación.
- d) 6 anos.

Resposta correcta: a

53. A autoridade competente para a imposición de sancións derivadas de infraccións urbanísticas moi graves de cantidade inferior aos 300 mil euros é....

- a) O concelleiro de obras do concello.
- b) O Pleno.
- c) O Alcalde.
- d) O director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

Resposta correcta: d

54. Cal é o importe máximo que pode impoñerse pola comisión dunha infracción leve das reguladas na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia?

- a) 500 euros
- b) 300 euros
- c) 1000 euros
- d) 10 mil euros.

Resposta correcta: b

55. A Lei Orgánica 3/2018 de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, con respecto ás persoas falecidas, establece que:

- a) As persoas herdeiras poden solicitar o acceso aos datos persoais da persoa falecida, a menos que a persoa falecida o prohibise expresamente.
- b) A persoa falecida pode prohibir que as súas persoas herdeiras poidan acceder aos seus datos de carácter patrimonial.
- c) As persoas designadas como apoio a persoas con discapacidade non poden solicitar o acceso aos datos persoais da persoa falecida á que asistían.
- d) Todas as respostas anteriores son certas.

Resposta correcta: a

56. Cal destes casos non é motivo de inadmisión xustificada dunha solicitude de dereito de acceso á información pública?

- a) A ausencia de motivación da solicitude.
- b) Que a información solicitada sexa de carácter auxiliar, como os informes internos.
- c) Que a información precise dunha reelaboración previa á súa divulgación.
- d) Que as solicitudes sexan manifestamente repetitivas.

Resposta correcta: a

57. Cal dos seguintes non son principios organizativos da administración electrónica, segundo a Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Rianxo?

- a) Principio de servizo á cidadanía e Principio de complexidade administrativa.
- b) Principio de interoperabilidade e Principio de transparencia.
- c) Principio de eficacia, eficiencia e economía.
- d) Principio de cooperación e Principio de participación.

Resposta correcta: a

58. A Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Rianxo promove o uso de software de código aberto na administración electrónica?

- a) Si, é un dos principios organizativos da administración electrónica.
- b) Si, no seu Artigo 12: Da innovación, apertura e participación no ámbito regulamentario.
- c) Non, ao contrario, promove o uso de plataformas e software técnico especializado e coas garantías que só pode ofrecer unha empresa provedora que asuma a responsabilidade da resolución de problemas críticos con eficiencia.
- d) Non, é un tema interno que se recolle na Normativa de uso de medios electrónicos.

Resposta correcta: a

59. Un documento impreso en papel que ten visible un código seguro de verificación (CSV):

- a) É un documento electrónico equivalente ao orixinal.
- b) É sempre unha copia auténtica e plenamente válida dun documento electrónico.
- c) É un documento electrónico válido, sempre que se cotexe co orixinal na sede electrónica da administración que o emitiu.
- d) Non é un documento electrónico.

Resposta correcta: d

60. Sobre os documentos electrónicos que están asinados por medios electrónicos, cal destas afirmacións é certa?

- a) A un documento electrónico asinado sempre se lle pode ver a firma impresa.
- b) Un documento electrónico asinado ten sempre un Código Seguro de Verificación (CSV).
- c) Un documento impreso en papel é un documento electrónico se ten un CSV cotexado.
- d) A información de firma que aparece impresa no documento pode non ser certa, por iso hai que comprobar sempre a sinatura electrónica.

Resposta correcta: d

61. O Taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo:

- a) É electrónico e substitúe o taboleiro de anuncios físico.
- b) O Taboleiro de anuncios físico pódese manter para efectos informativos.
- c) O cidadán ten dereito a consultar o Taboleiro de anuncios electrónico nas Oficinas de Atención ao Cidadán.
- d) Todas son certas.

Resposta correcta: d

62. A Política de Seguridade do Concello de Rianxo contempla, entre os requisitos mínimos de seguridade, que a organización:

- a) Rexistrará as actividades dos usuarios, retendo a información mínima indispensable para identificar á persoa que actúa.
- b) Vixiará o contido de toda a información que circula polas redes de datos da organización, polo que esta non pode estar cifrada.
- c) Poderá acceder en calquera momento aos contidos do correo electrónico dos empregados públicos, xa que o servidor e as contas de correo e os seus contidos propiedade da organización.
- d) Impedirá o tránsito de información e documentación fóra das instalacións municipais.

Resposta correcta: a

63. Como se determina a conformidade co Esquema Nacional de Seguridade (ENS)?

- a) Para os sistemas de categoría básica, abonda unha autoavaliación para declarar a conformidade co ENS.
- b) Para os sistemas de categoría básica e media é necesaria unha auditoría.
- c) Só os sistemas con categoría alta precisan dunha auditoría.
- d) Sempre é necesaria unha auditoría para cumprir a conformidade co ENS.

Resposta correcta: a

64. De conformidade coa Lei 9/2017, terán a consideración de contratos privados os celebrados por unha Administración Pública que teñan por obxecto:

- a) A execución de obras, a concesión de obras e a concesión de servizos.
- b) Os servizos financeiros, a creación e interpretación artística e literaria, a subscrición a revistas, publicacións periódicas e bases de datos, e outros que se determinen regulamentariamente.
- c) O arrendamento de bens mobles, a asistencia técnica e os servizos complementarios.
- d) A xestión de servizos públicos, a fabricación e a subministración de bens

Resposta correcta: b

65. De acordo coa disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, a que órgano da entidade local correspóndelle estritamente a competencia para acordar a resolución dos contratos cando a súa contía supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, ou en calquera caso, os seis millóns de euros?

- a) Ao alcalde.
- b) Ao Pleno.
- c) Á Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde.
- d) Ao concelleiro delegado en materia de contratación.

Resposta correcta: b

66. Á vista do artigo 118 da Lei 9/2017, os contratos menores están suxeitos aos seguintes requisitos, sen prexuízo doutros previstos na mesma lei:

- a) O órgano de contratación xustificará anualmente no perfil do contratante que o contratista non subscribiu outros contratos menores que superen individual ou conxuntamente os umbrais da lei.
- b) O expediente de contratación requirirá informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que no se están alterando as fontes de financiamento.
- c) O informe do órgano de contratación xustificando a necesidade do contrato non será necesario cando o pago se verifique mediante o sistema de anticipo de caixa fixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores, sempre que o valor estimado do contrato non exceda dos 5.000 euros.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

Resposta correcta: c

67. Conforme á Lei 9/2017, o recurso especial en materia de contratación procede contra:

- a) Os actos de trámite cualificados.
- b) Calquera actuación da mesa de contratación.
- c) Toda decisión adoptada no expediente de contratación.
- d) Toda actuación preparatoria do contrato.

Resposta correcta: a

68. Conforme á Lei 9/2017, o valor estimado do contrato calcularase tomando en consideración:

- a) O importe máximo a pagar, sen incluír o IVE, incluíndo prórrogas, modificacións previstas e opcións eventuais.

- b) O orzamento base de licitación, incluíndo os gastos, xerais, beneficio industrial e o IVE, incluíndo prórrogas, modificacións previstas e opcións eventuais.
- c) O prezo de adxudicación e as súas revisións posteriores.
- d) O prezo de licitación sen atender a prórrogas nin modificacións.

Resposta correcta: a

69. Conforme ao Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en adiante, TREBEP), a condición de funcionario de carreira require:

- a) Superación do proceso selectivo e toma de posesión, sendo elixible o acatamento do ordenamento xurídico.
- b) Superación do proceso selectivo, nomeamento polo órgano competente, acatamento do ordenamento xurídico e toma de posesión no prazo establecido.
- c) Superación do proceso selectivo e nomeamento polo órgano competente, que se publicará no diario oficial correspondente.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

Resposta correcta: b

70. Conforme ao TREBEP, o persoal eventual é:

- a) O persoal funcionario de carreira que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial.
- b) O persoal laboral que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial.
- c) O persoal funcionario de carreira ou laboral que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial.
- d) O persoal que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial.

Resposta correcta: d

71. Segundo o TREBEP, cal é o período mínimo de permanencia na situación de servizo, requirido con carácter xeral, para poder solicitar a excedencia voluntaria por interese particular?

- a) Ter prestado servizos efectivos en calquera das Administracións Públicas durante o ano inmediatamente anterior.
- b) Ter prestados servizos efectivos en calquera das Administracións Públicas durante os cinco anos inmediatamente anteriores.
- c) Ter permanecido un mínimo de dous anos na última praza obtida en propiedade.
- d) Non se esixe período mínimo de permanencia, podendo solicitarse en calquera momento.

Resposta correcta: b

72. O TREBEP prevé que os funcionarios interinos cesarán, ademais de polas causas do artigo 63, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento. No caso de nomeamento por execución de programas de carácter temporal, cal é a duración máxima improrrogable?

- a) En todo caso, catro anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de función pública que se diten en desenvolvemento do TREBEP.
- b) En todo caso, tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de función pública que se diten en desenvolvemento do TREBEP.
- c) Catro anos, sen posibilidade de prórroga.
- d) Tres anos, sen posibilidade de prórroga.

Resposta correcta: b

73. Segundo o TREBEP, cales son os principios do exercicio da potestade disciplinaria?

- a) Principio de inocencia.
- b) Principio de temporalidade.
- c) Principio de culpabilidade.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

Resposta correcta: c

74. De acordo co TREBEP, cal é o período máximo da duración da sanción de suspensión firme de funcións?

- a) Catro anos.
- b) Seis anos.
- c) Oito anos.

d) Ningunha das anteriores é correcta.

Resposta correcta: b

75. De conformidade co Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais (TRLFL), cal é a data límite na que o presidente da entidade local debe remitilo ao Pleno para a súa aprobación, emenda ou devolución?

a) 15 de setembro.

b) 30 de setembro.

c) 15 de outubro

d) 1 de novembro.

Resposta correcta: c

76. Indique a resposta incorrecta. É motivo para interpoñer unha reclamación contra o orzamento inicialmente aprobado durante o período de exposición pública:

a) Os que resulten directamente afectados, sempre que habiten dentro do territorio da entidade local.

b) Os colexios oficiais para velar polos intereses profesionais ou económicos, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

c) Os habitantes do territorio da entidade local.

d) Os sindicatos, cando actúen en defensa dos intereses que lles son propios.

Resposta correcta: a

77. Conforme ao TRLFL, que documentación específica debe anexar obrigatoriamente o presidente da entidade local ao orzamento, relativo á carga financeira da corporación?

a) No caso de que se prevea concertar unha operación de endebedamento, un informe da Intervención sobre a capacidade de endebedamento.

b) Un plan de saneamento financeiro cando a estimación do aforo neto no orzamento ten signo negativo.

c) Unha certificación da Tesourería comprensiva dos avais concedidos ás sociedades mercantís de capital integramente municipal.

d) Un estado da débeda comprensivo das operacións de crédito pendentes de reembolso, das que se prevé concertar no exercicio e o volume de endebedamento a final do exercicio.

Resposta correcta: d

78. Segundo o TRLFL, os compromisos de determinados gastos plurianuais están suxeitos a límites cuantitativos. Cal é a porcentaxe máxima de gasto plurianual que se pode autorizar no ano inmediatamente seguinte ao corrente, no nivel de vinculación correspondente?

a) 70 por cento.

b) 60 por cento.

c) 50 por cento.

d) 40 por cento.

Resposta correcta: a

79. De acordo co TRLFL, cal é a orde literal correlativa dos actos de xestión do orzamento de gastos das entidades locais?

a) Retención de crédito, recoñecemento do dereito, proposta de pago e pago material.

b) Autorización do gasto, compromiso do gasto, liquidación da obriga e ordenación do pago.

c) Retención de crédito, compromiso de do gasto, fiscalización previa do gasto e recoñecemento da obriga.

d) Fiscalización previa do gasto, retención de crédito, recoñecemento da obriga e pago material.

Resposta correcta: b

80. Indique que resposta é incorrecta, segundo o TRLFL:

a) Teñen o carácter de “a xustificar” as ordes de pago que, no momento da súa expedición, non poden ir acompañadas dos documentos xustificativos.

b) O alcalde establecerá, previo informe da Intervención, as normas que regulan a expedición de ordes de pago a xustificar, determinando os criterios xerais, os límites cuantitativos e os conceptos orzamentarios aos que sexan aplicables.

c) Os perceptores de ordes de pago a xustificar deberán xustificar a aplicación das cantidades percibidas nun prazo máximo de tres meses.

d) En ningún caso poderán expedirse novas ordes de pago a xustificar, polos mesmos conceptos orzamentarios, aos perceptores que aínda tivesen no seu poder fondos pendentes de xustificación.

Resposta correcta: b

81. De acordo coa Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, ten a obriga de presentar factura electrónica ante o concello:

- a) Unha sociedade de responsabilidade limitada unipersonal.
- b) Unha entidade con personalidade xurídica sen ánimo de lucro.
- c) Unha persoa física que exerce unha actividade profesional para a que se require colexiación obrigatoria.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

Resposta correcta: a

82. De acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, constitúen infraccións moi graves en materia de subvencións:

- a) A falta de subministro de información por parte das Administracións Públicas, organismos e demais entidades obrigadas a subministrar información á Base de Datos Nacional de Subvencións.
- b) A non aplicación, en todo ou en parte, das cantidades recibidas aos fins para os que a subvención foi concedida.
- c) A obtención da condición de entidade colaboradora falseando os requisitos requiridos nas bases reguladoras da subvención ou ocultando os que os que as terían impedido.
- d) Todas son correctas

Resposta correcta: b

83. Os valores superiores do ordenamento xurídico español son

- a) Liberdade, xustiza, igualdade, transparencia e pluralismo político
- b) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político
- c) A liberdade, a igualdade e a xustiza
- d) Ningunha das anteriores

Resposta correcta: b

84. A tutela xudicial e efectiva alcanza a

- a) Os dereitos de todas as persoas
- b) Os dereitos dos españois
- c) Intereses lexítimos dos españois
- d) Dereitos e intereses lexítimos de todas as persoas

Resposta correcta: d

85. O recurso de amparo para a protección de dereitos fundamentais

- a) É de carácter subsidiario e refírese aos dereitos recolleitos nos artigos 14 a 30 CE
- b) Non é de carácter subsidiario e refírese aos dereitos recolleitos nos artigos 14 a 30 CE
- c) Non é de carácter subsidiario e refírese aos dereitos recolleitos nos artigos 14 a 29 e ao de obxección de conciencia do artigo 30 CE
- d) Ningunha das anteriores

Resposta correcta: d

86. O Tribunal de Contas

- a) É o supremo órgano fiscalizador das contas e a xestión económica do estado, é independente das Cortes; os seus membros gozan de independencia e inamabilidade e mesmo réxime de incompatibilidades que os xuíces
- b) É o supremo órgano fiscalizador das contas e a xestión económica do Estado, é dependente das Cortes; os seus membros gozan de independencia e inamabilidade e mesmo réxime de incompatibilidades que os xuíces
- c) É o supremo órgano fiscalizador das contas e a xestión económica do Estado, é independente das Cortes; os seus membros gozan de independencia e inamabilidade e diferente réxime de incompatibilidades que os xuíces
- d) Ningunha das anteriores

Resposta correcta: b

87. Cal dos seguintes suxeitos non está lexitimado para exercer a iniciativa de reforma constitucional?

- a) O Goberno
- b) O Congreso dos Deputados
- c) O Senado
- d) As Cortes Xerais no seu conxunto

Resposta correcta: d

88. O dereito estatal prevalecerá sobre o das CCAA en caso de conflito, en todo o que non estea atribuído á exclusiva competencia destas. É correcta esta afirmación?

- a) Non
- b) Si, salvo que o dereito autonómico sexa máis favorable
- c) Non, a competencia decídeala o tribunal Constitucional
- d) Si, é a cláusula de prevalencia

Resposta correcta: d

89. Cal é a forma que adopta a norma institucional básica de unha Comunidade Autónoma?

- a) Lei autonómica
- b) Lei de Bases
- c) Lei orgánica
- d) Decreto legislativo

Resposta correcta: c

90. No exercicio das súas funcións, a que órgano se somete o Valedor do Pobo?

- a) Parlamento de Galicia
- b) Defensor do Pobo
- c) Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- d) Ningunha das anteriores

Resposta correcta: d

91. Pódese esixir a notificación electrónica a persoas non obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración?

- a) Non
- b) Si, a quen non teñan domicilio coñecido no territorio nacional
- c) Si a calquera persoa, sempre que se regulase mediante ordenanza ou regulamento
- d) Si, para determinados procedementos e para certos colectivos de persoas físicas que por capacidade económica, técnica, ou outros motivos quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios

Resposta correcta: d

92. As taxas e as PPCPNT comparten as seguintes notas comúns:

- a) Ambas son prestacións públicas tributarias
- b) Ambas deben figurar no orzamento do ente titular do servizo
- c) Só as PPCPNT deben figurar no orzamento do ente titular do servizo
- d) Ambas son de carácter coactivo

Resposta correcta: d

93. No sistema de xestión de taxas mediante declaración seguido de liquidación, se a Administración incumpre o prazo legal de notificación da liquidación

- a) O procedemento conclúe por caducidade
- b) O procedemento caduca e considérase prescrito o dereito a liquidar
- c) A administración declara a caducidade do procedemento e pode iniciar de oficio o procedemento para liquidar o tributo dentro do prazo de prescrición do dereito para liquidar
- d) Ningunha das anteriores

Resposta correcta: c

94. Indique a afirmación correcta, respecto dos prezos públicos

- a) O seu importe deberá cubrir, como máximo, o custo global do servizo prestado ou da actividade realizada
- b) O seu importe deberá cubrir, como mínimo, o custo global do servizo prestado ou da actividade realizada, salvo que existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen
- c) O seu importe deberá cubrir, como mínimo, e en todos os casos, o custo global do servizo prestado ou da actividade realizada
- d) O seu importe depende da decisión que adopte a concellería respectiva

Resposta correcta: b

95. Dos seguinte impostos locais non poden xestionarse mediante autoliquidación:

- a) Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

- b) Imposto sobre Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana, se no momento de devindicación non está cuantificado ou valor catastral
 - c) Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras
 - d) Imposto sobre Actividades Económicas
- Resposta correcta: b

96. A liquidación tributaria complementaria do Imposto sobre Bens Inmóbles derivada de incremento de valor catastral que supón aumento da base imponible, será notificada por:

- a) A Deputación Provincial
 - b) O Concello impositor
 - c) Catastro, en todo caso
 - d) O órgano que teña asumida a xestión tributaria do imposto
- Resposta correcta: d

97. O adquirente dun ben inmóble afecto ao pago do Imposto sobre Bens Inmóbles polo artigo 64 do TRLFL

- a) Responderá como responsable subsidiario de toda a cota tributaria pendente de IBI, excepto a incursa en prescrición para esixir a cobranza
 - b) Responderá como responsable subsidiario da débeda por IBI, incluída recargas e intereses, correspondente ao exercicio en que se exercita a acción de cobranza, e a do inmediato anterior
 - c) Responderá subsidiariamente da débeda por IBI, excluídos recargas e intereses, correspondente ao exercicio en que se exercita a acción de cobranza, e a do inmediato anterior
 - d) Responderá como responsable subsidiario da débeda pendente por IBI (cota, recargas e intereses), con excepción daquela na que prescribise o dereito para esixir a súa cobranza
- Resposta correcta: a

98. O recoñecemento dunha bonificación fiscal de carácter rogado no Imposto sobre Bens Inmóbles producirá efecto

- a) Desde a data en que se solicitou
 - b) Desde a data na que se notifique a resolución ao interesado
 - c) Desde o momento en que o determine a normativa aplicable
 - d) A resposta c) e, no seu defecto, desde a súa concesión
- Resposta correcta: d

99. Indique cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será de seis meses. Transcorrido o prazo para resolver sen que se notificase a resolución expresa, a solicitude poderá entenderse desestimada
 - b) O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será o que estableza obrigatoriamente a normativa reguladora do beneficio fiscal. Transcorrido o prazo para resolver sen que se notificase a resolución expresa, a solicitude poderá entenderse desestimada, salvo que a normativa aplicable estableza outra cousa.
 - c) O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será o que estableza a normativa reguladora do beneficio fiscal e, na súa falta, será de seis meses. Transcorrido o prazo para resolver sen que se notificase a resolución expresa, a solicitude poderá entenderse desestimada, salvo que a normativa aplicable estableza outra cousa.
 - d) Ningunha das anteriores
- Resposta correcta: c

100. A regulación do recurso de reposición en materia de aplicación e efectividade de tributos locais, prevista no texto refundido da lei de facendas locais

- a) É idéntica á prevista na Lei de procedemento Administrativo común
 - b) Esixe a súa interposición para acudir á vía contencioso administrativa
 - c) Non esixe a súa previa interposición para acudir á vía contencioso administrativa
 - d) As afirmacións a e c son correctas
- Resposta correcta: b

PREGUNTAS DE RESERVA

101. De conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para os efectos do trámite de audiencia dos interesados, o recurso, os informes e as propostas:

- a) Teñen o carácter de documentos novos.
- b) Non teñen o carácter de documentos novos.
- c) Unicamente teñen o carácter de documentos novos os informes.
- d) Unicamente teñen o carácter de documentos novos as propostas

Resposta correcta: b

102. Segundo o disposto no artigo 90 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, respecto á resolución nos procedementos sancionadores, cando a resolución sexa executiva:

- a) Poderase suspender preventivamente, se o interesado manifesta á Administración a súa intención de interpoñer recurso en vía administrativa.
- b) Poderase suspender preventivamente, se o interesado manifesta á Administración a súa intención de interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución firme en vía administrativa.
- c) Poderase suspender preventivamente, se o interesado manifesta á Xurisdición competente para a súa resolución, a súa intención de interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución firme en vía administrativa.
- d) Non se poderá suspender a súa execución en ningún caso.

Resposta correcta: b

103. De conformidade co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (sinala a incorrecta):

- a) Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.
- b) Se o escrito de iniciación se formulase por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia afectará a todos os que a tivesen formulado.
- c) A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, persoándose no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.
- d) Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

Resposta correcta: b

104. É posible a existencia da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións nun municipio de 12 mil habitantes?

- a) Non
- b) Si, se así se aproba polo Pleno da Corporación por maioría simple
- c) Si, é obrigatoria a súa existencia dado que o municipio supera os 10 mil habitantes
- d) Si, sempre que este prevista no seu Regulamento Orgánico.

Resposta correcta: d

105. De conformidade co artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, cal é o prazo que ten a entidade local para anular o acto ou acordo tras o requirimento efectuado pola Administración do Estado ou das Comunidades Autónomas?

- a) 1 mes.
- b) 15 días hábiles
- c) 1 día hábil
- d) 30 días

Resposta correcta: a

106. Que prazo ten o Concello para sacar a poxa un inmovible incluído no Rexistro de Soares?

- a) 1 ano desde a inclusión no Rexistro de Soares
- b) 2 anos desde a inclusión no Rexistro de Soares.
- c) 6 anos desde a inclusión no Rexistro de Soares.
- d) 10 anos desde a inclusión no Rexistro de Soares.

Resposta correcta: a

107. A Política de Seguridade da Información do Concello de Rianxo recolle que:

- a) A designación dos roles responsables realízase por resolución da Alcaldía.
- b) O Delegado de Protección de Datos forma parte do Comité de Seguridade da Información.
- c) A Política de Seguridade do Concello de Rianxo foi aprobada polo Pleno da Corporación.
- d) Todas as anteriores.

Resposta correcta: d

108. Segundo o TREBEP, polo accidente ou enfermidade grave dentro do primeiro de consanguinidade ou afinidade, de cantos días de permiso dispón o funcionario?

- a) Tres días hábiles.
- b) Catro días hábiles.
- c) Cinco días hábiles.
- d) Dous días hábiles, se o accidente se produce na mesma localidade, ou catro días hábiles se se trata de distinta localidade.

Resposta correcta: c

109. De acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), procederá a esixencia de xuros de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata:

- a) A data na que se inicie o procedemento de reintegro.
- b) A data na que o interesado presente por escrito a súa conformidade co importe do reintegro da subvención proposto.
- c) A data na que se acorda a procedencia do reintegro.
- d) A data na que se notifica o acordo de procedencia do reintegro.

Resposta correcta: c

110. Débense someter as ordenanzas fiscais ao trámite de consulta pública do artigo 133 da LPACAP con carácter previo á súa aprobación inicial?

- a) Non
- b) Si, sempre
- c) Só no suposto de aprobación inicial; non das modificacións das ordenanzas fiscais
- d) Só no suposto de aprobación inicial e das modificacións substanciais das ordenanzas fiscais

Resposta correcta: a